

RESENTACIÓN:

No mes de novembro, cando os bosques nos mostran o seu mellor colorido, ímonos a un val descoñecido do próximo Bierzo, un lugar polo que pasamos moitas veces pero moi poucos senderistas percorreron os seus angostos camiños.

Grazas a unha estrada que iinon vén nos mapas!!, podemos facer a ruta co bus grande chegando ata Barjas, no corazón do val, onde remataremos a ruta.

Este escondido lugar, ten dous características, moi definidas, os enormes bosques de castiñeiros, que supoñen a súa única actividade económica, e as vellas minas de wolfran, localizadas na parte sur, entre Cadafresnas e Oencia, onde nos anos 1942-45 viviuse a coñecida como "A Febre do Wolfran", que tan ben describiu o escritor leonés Raul Guerra Garrido no libro "O Ano do Wolfran", que foi finalista do Premio Planeta en 1984.

Outro elemento destacado é o Faial de Busmayor, o máis importante bosque de faias do noroeste da península. A súa visita resulta moi complicada sen a colaboración de coches pequenos ou un minibus, polo que resultou imposible meter nesta xornada.

A MIRADA CIRCULAR

É un macro sendeiro circular do Bierzo, dividido en 15 etapas lineais, cun total de 330 km que percorren os vales e montañas máis importantes desta bisbarra natural.

Este valioso sendeiro, presentouse en 2007 promovido por Consello Comarcal do Biero, a Cidade da Enerxía con importante apoio económico institucional.

Todos os sendeiros fixéronse cunha completa sinalización, que estaba moi ben descrita na súa páxina web, onde había mapas, vídeos, fotos e o trak de cada ruta.

Tristemente, hoxe a páxina leva meses pechada cunhas letras orientais, os sendeiros teñen bastantes zonas pechadas por falta de mantemento, e estanse a perder moitas das sinais.

A RUTA

Percorreremos parte da **Senda do Wolfran**, etapa n.º 12 da Mirada Circular, que vai de Ferreirías de Valcarce a Cadafresnas, cunha distancia de 20 km. Antes de empezar, faremos una curta parada de baño e café no restaurante de Vega de Valcarce.

Iniciaremos a ruta saíndo dende Vega de Valcarce, subindo por unha pendente senda que pasa moi perto do Castelo de Sarracin, que non visitaremos por esta pechado e carecer de vistas. Con varias paradas, disfrutando dun pechado castiñeiro, que sairemos a un cortalumes, polo que que chegaremos á Pena do Couso (1038 m), coas mellores vistas do val do río Valcarce.

300 metros depóis do cumio, empataremos coa cómoda pista de terra que sigue a Mirada Circular, continuando por un sendeiro que nos levará ata a aldea de Villasinde (13 h), onde xa meteremonos en zona de bosque que non deixaremos ata o final.

Será un terreo de subidas e baixadas, máis curtas que o principio, con uns grandes soutos de castiñeiros, nos que nos deteremos. Entre Hermita e Moldes faremos a parada da comida.

Pola tarde seguiremos unha senda que nos levará ata o collado da Escrita, onde baixaremos ata o río Barjas, por unha longa e pechada senda por bosque de carballos. Ao chegar á ponte de Serviz (16,15 h), teremos que facer un tramo de 1200 metros, por unha estrada con moi poucos coches, ata chegar a ponte de Carballal (17 h), onde unha senda de río nos levará a Barjas, calculando chegar sobre as 17,30 horas.

Datos de interese:

Distancia: 15 km. Desnivel acumulado de ascenso: 840 m. Monitor: David Jove

PRÓXIMA RUTA:

Cerceda—Encoro de Vilagudín, percorrendo un pequeno tramo cos túneles da vella vía do ferrocarril. Sobre as 15 h. xantar de prato nun restaurante da zona.



CAMPAÑA COÑECE E CAMIÑA



SENDA DO WOLFRAN VAL DO SEO EL BIERZO (León)

16 DE NOVIEMBRE DE 2014

**Sociedade de Montaña
ARTABROS**





14,9 kms.

